

Do que vai da Virxe do Camiño, á Virxe da Peregrina

Fernando M. Vilanova

Mergullados no profundo do nacional-catolicismo da nosa adolescencia, alá polos anos sesenta onde a igrexa e o culto eran o centro do día a día, sorprendíanos a estraña realidade de que na nosa cidade compartisen dúas devocións relixiosas que parecían representar o mesmo, a Virxe do Camiño e a Virxe da Peregrina. Tan próximas no territorio, na denominación e, supostamente, na súa advocación.

Unha delas, a do Camiño, compartía un ascendente popular. Abrigábase nun barrio bastante extenso que comezaba dende o pé dunha grande farola de concreto pintada de verde, situada onde no seu día estivo o cine Gonviz, na rúa Navarrete (fronte a de hoxe 'fonte dos nenos') e alongaba case ata o Gorgullón, preto da nova estación do tren. Por ter ata tiña un equipo de fútbol co que competiamos, pois eran un dos nosos rivais urbanos.

Esa era súa situación para cando cadraba de falar de tal persoa ou tal establecemento: "...alá, na Virxe do Camiño...", pero a tal virxe, tampouco tiña parroquia, nin imaxe, non saía na procesión do Corpus... por non ter nin tan sequera tiña capela ou igrexa, algo que se lle supoñía, xa que neste país, detrás do nome dun santo sempre se atopaba algunha.

Entón a primeira das cuestións fose descubrir o misterio desa Virxe sen capela, e fose que habela, houberaa, mais nós xa non a coñeciamos. Estaba situada exactamente onde explicamos que comezaba a barriada do seu nome, é dicir, onde a farola de concreto pintada de verde, e fora demolida no ano 1936, case como unha terríbel premonición.

Desta capela e da súa Virxe, nin unha placa daba nin deu pé á súa lembranza. Mais aínda así, non só quedou dela a súa memoria. A carón seu, lucira ata hai ben pouco, unha fermosa e grande casa de arquitectura popular con



Praza de Compostela- Frai Juan de Navarrete. Igrexa da Virxe do Camiño.

dous andares e un sobrado con mansardas. Tiña acceso por un patín que daba paso a unha pequena solaina toda en pedra caleada na esquina de ambas as rúas. Aquela casa quedou alí, lexitimando o pasado dun barrio que mirou pasar os peregrinos do camiño portugués durante moitos séculos. Era o seu antigo hospital de peregrinos que estivo protexido como tal ata os anos oitenta, cando foi demolido polos desvelos dunha concelleira democrática, que se meteu a política para defender os seus desvelos inmobiliarios, pois era a súa propietaria, así como de case toda aquela mazá.

A que si era para nos máis facilmente identificábel, foi a súa compañeira, a Peregrina, Pelengrina, como algúns a chamabamos. Ela daba nome a case toda aquela contorna. Esvelta, coas súas torres xemelgas, que antes de construírse os grandes edificios que a rodean, axigantaba como un faro sobre o vello urbanismo local e anunciaba as horas co seu carillón, acreditando grande xerarquía sobre a cidade. Tanto como fermosa, presidencial... e reducida, sendo moito maior de estatura que na súa planta, ata tal punto semellar un oratorio privado. Á súa misa de doce e media dos domingos acudía sempre a mesma xente, a *crème* da sociedade local, que se situaba preferentemente ao pé do seu altar neoclásico. Fóra, sobre o adro, arremuiñaban os que non cabían dentro, e aínda que chovese, cubríanse con paraugas, tal vez pensando, que aquela misa outorgaba maiores votos que calquera das demais.

Temos logo na nosa cidade unha Virxe do Camiño con hospital incluído, coa súa denominación propia, subscrita dende a pródiga actividade do Camiño portugués ao longo de moitos séculos, e unha Virxe 'da' Peregrina. No acreditado daquela primeira veneración do camiño portugués, adscríbese ademais a veneración por San Roque, santo tamén vinculado ás peregrinacións e que colleu gran devoción en Galiza coa epidemia da peste do século XVI. Pois ben, como a nosa, hai moitas Virxes do Camiño dispersas pola xeografía galega, e todas relacionadas co itinerario xacobeo, e tan ben acompañadas, algunhas con hospital, e a de Santiago incluso cunha biblioteca, que constaba como a de ser das máis antigas de España. O que queda en evidencia é que en Galicia a todas as veneracións viaxeiras chamáronlle así. E de entre todas a única que sufriu un ninguneo histórico, ata a súa desaparición, foi a de Pontevedra.




Praza de Compostela.- Frai Juan de Navarret

Ata daquela poucos sabiamos que ata os santos e as advocacións relixiosas tiñan categoría social, é dicir había castes entre elas. Porque esta realidade é o único que explica os móbiles para a reinvención de elevar unha advocación de suposta maior dignidade pública que a existente.

Para xustificar os comezos de tal proceso, relátase que seica foron uns “...*nenos do barrio da Virxe do Camiño que se dirixiron ao prelado compostelán para solicitar tal advocación para Pontevedra...*” e iso aconteceu alá polo ano 1754. Sempre nestes propósitos milagreiros aparece a inocencia infantil como aliada, ben como un coro de anxos, ou como ‘pastorcillos’ con visións que reciben chamamentos sobrenaturais.

O Prelado compostelán parece ser que contestou afirmativamente, e de contado creouse unha *Junta General de la Nueva Hermandad* que supoño xa non sería de nenos, para levar o peso do proxecto. En principio daba a impresión que esta xente non tiña outra intención que dar maior dignidade á advocación existente, pois púxolle practicamente a mesma denominación: “Congregación Nuestra Señora del Refugio de la Virgen del Camino”.

Convivindo dúas imaxes coa mesma advocación nun mesmo templo, chegaron os problemas. As esmolas criaron ciumes ata o punto que tivo que intervir o Rexedor local, D. Benito de Pazos de Probén, posicionándose claramente a favor da advocación primitiva:




Escalatorres na Peregrina (1900)

“...siendo la imagen del santuario y de la Congregación de un mismo título, se empataban e impedían la limosna la una a la otra, y que por esto podían decaer la fábrica o erario del Santuario e imagen antiguas...” Isto sucedía no 1776, e o propio Rexedor impedirá que a nova imaxe se situase no altar maior daquel primitivo santuario.

O resultado foi a expulsión da imaxe vestideira intrusa, solicitándose ao propio Concello un espazo para asentar ao pé da porta de Trabancas (onde está agora), onde se ergueu unha capela de madeira como refuxio da imaxe que cambiaría xa o seu nome: Maria Santísima del Refugio la Divina Peregrina.

Todo orquestrado por un párroco palentino que rexentaba San Bartolomeu, e que propuxo copiar a imaxe da Peregrina de Sahagún, cousa que ata certo punto pode entrar na lóxica porque a Virxe do Camiño non ten unha advocación precisa. Moitas veces aparece sentada en maxestade, como en Italia, e outras de pé, sempre co neno nos brazos. Esta información é a que se transmite en todos



A Peregrina

os traballos actuais sobre o tema, pero o que é manifesto e importante é a substitución do valor “Peregrina” por “Camiño” así como a súa vestimenta.

Non é esta unha formulación trivial. Mentres a denominación “Virxe do Camiño” remite a unha virxe ambulante, tal e como se interpreta, a Divina Peregrina, será coñecida como a Virxe da Peregrina, é dicir unha virxe situada nun lugar que se chama Peregrina, que coincide co centro urbano da cidade. Case indicando que o nome do lugar é anterior á advocación relixiosa, tal como acontece coa Virxe da Franqueira, ou a de Motserrat. Razón máis que define e amplifica o carácter artificioso desta advocación.

Coa Peregrina, virá o afrancesamento aberto aos pre-supostos borbónicos da caste monárquica gobernante, sendo que Fernando VI foi nomeado dende o primeiro intre como confrade de honra, e en todo o proceso as forzas vivas da sociedade local, o *Regimiento* e a *Justicia* participan activamente e explicarán o porqué da evolución desta imaxe e o amplo apoio económico para construír ese gran templo, que por certo, para maior contradición, identifícase coa arquitectura portuguesa e nela inspírase. (santuario da Santa Cruz de Barcelos).

Posteriormente para xustificar esta substitución polas formas afrancesadas da nova advocación aos que se lle incluírá o sombreiro tricornico, unha vez se consolida a proposta, e mesmo o desvío das primitivas esencias, tal afrancesamento quere reflectir, ... *a peregrinación francesa que se achega ata Santiago pola costa desde Baiona...* e se remata coa afirmación de que ‘...por algo esta vila da ría de Vigo ten o mesmo nome que a cidade francesa’. Nun dicir, adeus con desprezo ao pasado lusitano. Pois tal e como o refiro, léoo dende un artigo con firma de autor.

A historia consolídase e aínda que non se fala, o borbonismo aplaude a política de borrar o pasado e favorecer o seu afrancesamento dinástico e centralista. A Virxe Peregrina vai ser un emblema en América, sobre todo en Mexico, acompañando a administración colonial como peregrinos do Imperio, para consolidar unha imaxe fronte ás imaxes locais veneradas polos indíxenas conversos.

Esta intervención, que cremos non casual, e moito menos devocional do que se pretende ofrecer, encaixa nas múltiples intervencións que haberá neste período na administración, nas artes, na arquitectura, na pratería, entre outras, cun revisionismo das formas barrocas e a imposición da nova orde neoclásica, que trouxo como consecuencia disposicións adicionais que entraron en grave contradición coas escolas locais.